



SESION ORDINARIA DE 24 DE FEBREIRO DE 2026

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e catro de febreiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	1/25	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=1

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8M.

Logo de ver a Declaración Institucional da Deputación de Lugo polo Día Internacional das Mulleres, que foi consensuada por tódolos Grupos en Xunta de Voceiros, e que textualmente di o seguinte:

“A conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, permítenos lembrar, reivindicar e facer balance dos avances acadados. Unha data mundialmente rememorada na que a ONU, neste 2026, une a mulleres e nenas para esixir igualdade real de dereitos e unha xustiza para facer valer, exercer e disfrutar eses dereitos.

No ámbito provincial, falar de igualdade significa falar de milleiros de mulleres implicadas ao longo dos anos que deixaron e deixan o mellor do seu talento e da súa capacidade ao servizo da veciñanza con responsabilidade, bo facer e rendición de contas. Un traballo cotiá que mantén en pé a Deputación de Lugo e garante que os servizos públicos cheguen a todas as persoas.

Desde a Deputación de Lugo queremos poñer o acento neste labor imprescindible, e non sempre recoñecido, das xestoras públicas. Mulleres que dende os espazos de responsabilidade, e tamén dende os equipos técnicos, sosteñen a administración local e participan nos procesos máis esixentes que afrontan hoxe os gobernos máis próximos á cidadanía.

Falamos de mulleres traballando en ámbitos e funcións chave na xestión provincial como a planificación de servizos, o deseño dos pobos e das cidades, a xestión económica, a contratación pública ou programando e prestando servizos á comunidade. Un traballo constante e rigoroso, absolutamente esencial para garantir a continuidade, a estabilidade institucional e a mellor atención, mesmo en situacións complexas como recentemente aconteceu coa pandemia do Covid.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	2/25





Na actualidade, esta experiencia resulta determinante para facer fronte a un dos maiores desafíos do municipalismo como foi a xestión dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coñecidos como Next Generation EU. Nunca antes os concellos e deputacións tiveran que xestionar recursos de tal dimensión, cunha esixencia técnica que require coñecemento normativo, vangarda, organización, coordinación e unha planificación precisa. En Galicia, unha parte moi significativa desta responsabilidade recae nas mulleres.

Ese foi o motivo de poñer este 8M o foco nas mulleres como xestoras transformadoras dos seus pobos e cidades, facendo gala dun compromiso e coñecemento do territorio que posibilita que os investimentos non se concentren só nos grandes núcleos urbanos, senón que contribúan á cohesión territorial de toda Galicia e a un desenvolvemento máis equilibrado.

Este liderado político e institucional implica tomar decisións, establecer prioridades e garantir a transparencia no uso dos recursos públicos, con rigor e unha base sólida que reforza a confianza da cidadanía nas institucións.

En todos os contextos políticos, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes non pode entenderse como unha cuestión secundaria, senón como unha condición necesaria para a eficacia e a eficiencia das políticas públicas. Non hai política sen igualdade, non hai xestión sen mulleres, non hai democracia real sen paridade.

Por todo iso, debemos seguir defendendo o feminismo como un movemento político, social e cultural civilizador, indispensable para combater todas as formas de desigualdade, discriminación e violencia. É indispensable para reforzar a participación activa das mulleres na política, pero tamén na economía, na educación, na investigación e na tecnoloxía. E por suposto, é imprescindible para fornecer e ampliar a actual axenda pública con novas respostas a vellas preguntas, con novas solucións para vellos problemas.

Neste 8 de marzo, dende a Deputación de Lugo:

- Reafirmamos o noso compromiso para seguir visibilizando ás mulleres como xestoras do público, exercendo o poder e eliminando barreiras que aínda dificultan o seu acceso a postos de responsabilidade.
- Seguiremos loitando por un modelo provincial de desenvolvemento sostible, social, económico e medioambiental, centrado nas persoas, con perspectiva de xénero, con miradas máis plurais e coa igualdade impregnando a organización e a xestión dos concellos.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	3/25	

- Traballaremos para lograr espazos de participación para todas, e reforzando a colaboración e o liderado de todas elas.
- Avanzar para que os retos e desafíos que temos por diante se afronten dende o principio de igualdade, recoñecendo ás mulleres non só como protagonistas senón como xestoras do cambio, responsables directas de construír, dende o ámbito provincial, un mellor futuro.
- Invitámosvos a que durante todo o ano, pero especialmente nestas datas tan simbólicas, estimulemos conxuntamente a visibilización destes logros escritos co nome de centos de mulleres.
- Cando unha muller avanza, ningún home retrocede. Cando unha muller avanza, todas dan un paso ao fronte.
- Fronte á ola que nos envolve no momento actual, FIRMEZA nos logros e avances sen perder de vista o que nos queda por facer.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=2

PARTE RESOLUTIVA

3.- INADMISIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR CCOO CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA EXMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Presidente do seguinte teor:

Asunto: Recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do Orzamento Xeral de 2026 (Expediente 2026/PES_03/001827)

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	4/25	



O 30.01.2026 co número 2026RT001600 de rexistro, presentouse por José Manuel Cebral Varela e Luis Miguel Notario Iglesias, en representación do Sindicato CCOO, *“RECURSO DE REPOSICIÓN contra a Resolución publicada no BOP nº 299, do 31.12.2025, pola que se aproba definitivamente o Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2026”*.

Á vista do Informe do Servizo de RR HH que se achega no expediente, no que se pon de manifesto que non procede admitilo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Inadmitir o recurso de reposición interposto por José Manuel Cebral Varela e Luis Miguel Notario Iglesias, en representación do Sindicato CCOO, contra o acordo de aprobación definitiva do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo para 2026, publicado no BOP nº299 do 31.12.2025, dado que se trata dunha disposición administrativa de carácter xeral contra a que non cabe recurso en vía administrativa conforme o artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (PACAP).
...”

Pregunta a Presidenta aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia; a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta, declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=3

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO RELATIVA AO DESLEIXO DA XUNTA DE GALIZA POLO PATRIMONIO MATERIAL DA PROVINCIA.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	5/25	

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, D^a Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas, moi ao noso pesar, púxose de manifesto a delicada situación na que se atopa o patrimonio material da provincia de Lugo, que acumula anos de abandono e de desinterese por parte da Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galiza.

As novas máis relevantes en relación coa conservación patrimonio material, deixando a parte as que teñen a ver co patrimonio eclesiástico, tiveron a ver con iniciativas e actuacións das administracións locais, na busca da súa conservación e da súa posta en valor.

As políticas da XUNTA relativas ao patrimonio material non deben quedar reducidas a actuacións de parcheo cando se producen incidencias ou cando se dan voces de alarma. A cidadanía luguesa agarda unha política cultural planificada e actuante, que evite episodios de deterioro como os sufridos pola Muralla de Lugo ou a Torre de Torés (As Nogais).

Tendo en conta que a normativa vixente en materia de patrimonio cultural de Galicia atribúe á administración autonómica a obriga de velar pola protección e conservación dos Bens de Interese Cultural, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo propón ao Pleno desta Deputación de Lugo a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver as actuacións urxentes necesarias para garantir a conservación dos Bens de Interese Cultural da provincia que viron acrecentado o seu deterioro nas últimas semanas.
2. Reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan de inspeccións técnicas e intervencións que garanta a medio e longo prazo a conservación dos BIC da provincia e posibilita a súa posta en valor.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	6/25





A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=4

5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEFENSA SOBRE O REFORZO DO PERSOAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción:

Exposición do motivos

O curso escolar na provincia de Lugo vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. Esta situación repítese curso tras curso, xerando incerteza nas comunidades educativas e evidenciando unha xestión deficiente dun servizo público esencial.

A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, xa que constitúe a principal garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas. Sen un ensino público forte, de calidade e con recursos suficientes, non é

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	7/25	

posible asegurar nin a cohesión social nin o progreso colectivo, especialmente naqueles territorios con maior risco de desigualdade.

No ámbito da atención á diversidade, a situación resulta especialmente preocupante. Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL), o que impide garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Esta carencia non responde a feitos puntuais nin a circunstancias excepcionais, senón a unha ausencia continuada de planificación e de vontade política por parte da Xunta de Galicia. Ano tras ano mantéñense ratios insuficientes, profesorado compartido entre centros e atrasos inxustificables na cobertura de prazas, mesmo cando existen informes e ditames que acreditan as necesidades reais do alumnado.

Son numerosos os exemplos de centros que carecen de profesorado de PT e AL a pesar de contar con alumnado con ditame recoñecido, ou nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada pola falta de recursos humanos mínimos, xerando unha situación de desigualdade entre concellos.

Esta realidade contradí o discurso oficial da Xunta de Galicia en materia de inclusión educativa e atención individualizada, e supón unha vulneración dos dereitos do alumnado máis vulnerable, así como unha carga adicional para as familias e para os propios concellos, que en moitos casos vense obrigados a cubrir carencias que non lles corresponden competencialmente.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ostenta a competencia plena en materia educativa e, polo tanto, ten a obriga legal de garantir un sistema educativo público de calidade, inclusivo e non discriminatorio, dotando os centros dos profesionais necesarios para atender adecuadamente a todo o alumnado.

Por todo o anterior, resulta imprescindible a posta en marcha dun Plan de Choque específico, con medidas inmediatas e estruturais, que permita reforzar os cadros de persoal de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e dar resposta ás demandas reiteradas da comunidade educativa nos distintos concellos da provincia de Lugo.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista, propón ao Pleno a seguinte:

Proposta de acordos

Instar á Xunta de Galicia a:

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	8/25	



1. Elaborar e poñer en marcha de maneira inmediata un Plan de Choque específico para reforzar o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) en todos os centros educativos públicos da provincia de Lugo, atendendo ás necesidades reais do alumnado con ditame recoñecido.
2. Dotar este Plan de Choque dos recursos económicos e humanos necesarios, garantindo a súa eficacia, estabilidade e continuidade no tempo.
3. Revisar os criterios de asignación e os ratios de profesorado de PT e AL, co obxectivo de asegurar unha atención educativa inclusiva, individualizada e de calidade en todos os centros educativos públicos da provincia de Lugo, con independencia da súa localización xeográfica e das características sociodemográficas de cada concello.
4. Garantir a cobertura efectiva das prazas necesarias desde o inicio de cada curso escolar, evitando atrasos que prexudiquen o dereito á educación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=5

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA EN DEFENSA DA DIGNIDADE DOS USUARIOS DA RESIDENCIA DE AS GÁNDARAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	9/25



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción:

A Residencia de Maiores das Gándaras está a ser obxecto dunha reforma que, lonxe de mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias, atenta directamente contra a súa dignidade e dereitos fundamentais á intimidade. Tras analizar o Proxecto Básico e de Execución de Remodelación, a realidade técnica confirma o que os/as residentes levan semanas denunciando.

Por unha banda está a evidencia técnica da perda de intimidade, só hai que comparar o Estado Actual co Estado Reformado. Nos planos de referencia, obsérvase unha transformación sistemática de habitacións individuais (identificadas como DT02, DT03, DT04, etc.) en habitacións dobres (DD02, DD03, DD04, etc.). Esta duplicidade de camas realízase nun mesmo espazo común, sen tabiquería de separación, o que anula calquera posibilidade de vida privada.

Unha vez máis, dende o Grupo Socialista da Deputación comprobamos o deferente xeito de entender a atención ós maiores e à dependencia. A xestión dos centros provinciais pon no centro ás persoas, ós nosos maiores e o seu benestar. Coidando no só as ratios de persoal, de coidadores, os servizos, senón tamén a calidade dos espazos, a preservación da dignidade e da intimidade à que ninguén debería ter que renunciar por mor da idade.

As/os traballadoras/es e as familias de As Gándaras manifestaron que ninguén escoitou aos residentes antes de deseñar estes planos. Lugo debe posicionarse como unha cidade que coida das persoas maiores e que defende un modelo de residencia baseado en unidades de convivencia individuais e non en pavillóns de amoreamento.

Os maiores non son cousas que se arromban nun faiado. A Xunta de Galicia ten a obriga moral de construír un modelo de coidados onde os maiores sigan tendo luz nas fiestras, conversa na mesa e vida nas mans. Non pavillóns grises onde as horas se contan en silencios. Unidades de convivencia pequenas, cálidas, feitas á medida das persoas.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista quere expresar o seu apoio ás mobilizacións que os residentes realizan cada sábado ás 11:00 da mañá en defensa do seu dereito a vivir en paz, a manter o seu espazo persoal e a participar nas reformas

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	10/25





dos espazos que constitúen, a día de hoxe, o seu fogar. E propón ao Pleno da Deputación que inste à Xunta de Galicia e à Consellería de Política Social a:

- Paralizar de xeito inmediato as obras de reconversión de habitacións individuais en dobres na Residencia das Gándaras.
- Esixir a modificación do Proxecto de Execución para que se respecte a configuración de habitacións individuais, garantindo que cada persoa residente manteña o seu espazo de intimidade e dignidade.
- Organizar unha reunión urxente entre a administración autonómica, a dirección do centro, os representantes dos residentes e persoas afectadas para consensuar un modelo de reforma que respecte a vontade dos/as que alí viven”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=6

7ª.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG ESIXINDO ACTUACIÓNS URXENTES E INMEDIATAS NO FIRME DA ESTRADA N-540.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	11/25	

lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte

Exposición de motivos

A día de hoxe, queda por diante máis de un mes de inverno e o estado do firme da estrada N-540 que comunica as cidades de Lugo e Ourense é tan grave que resulta temerario desprazarse por ela. As persoas usuarias desta vía están a padecer a diario incidencias máis ou menos graves debido o seu elevado e continuo grado de deterioro.

O deficiente estado actual da citada vía confirma que o prazo dado de execución de 36 meses para a su reforma integral é exaxerado e está fora de toda lóxica. Non sendo xa nin suficientes nin efectivos os traballos de mantemento que se veñen acometendo periodicamente. Todo isto fai a situación insostible e penaliza á veciñanza e ao tecido socioeconómico da súa área de influencia.

A solución a esta situación non pode ser reducir a velocidade a 40 ou 60 Km/h ou suprimir carrís de circulación, como acontece na actualidade. Consideramos que non é suficiente con incrementar o número de sinais de perigo que avisan do firme en mal estado, xa que este tipo de actuacións non evita o incremento de incidencias coas rodas, cos parabrisas e incluso accidentes de tráfico.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, dos seguintes acordos:

1. Exixir ao goberno do Estado actuacións urxentes e inmediatas no firme da estrada N-540 para garantir a súa seguridade e unha correcta circulación de vehículos.
2. Reclamar ao goberno do Estado que se melloren e intensifiquen os traballos de mantemento do firme da N-540 para evitar as molestias e os danos económicos á veciñanza e ao tecido socioeconómico.
3. Reclamar ao goberno do Estado que se executen no primeiro semestre deste ano 2026 a totalidade dos traballos anunciados de reforma integral do firme da N-540.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	12/25	



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=7

8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO Á ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN PROVINCIAL EXTRAORDINARIO DE EMERXENCIA E COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A RECUPERACIÓN DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS AFECTADAS POLOS RECENTES TEMPORAIS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación de Lugo á elaboración e posta en marcha dun Plan Provincial Extraordinario de Emerxencia e Cooperación cos Concellos para a recuperación de infraestruturas municipais afectadas polos recentes temporais

Exposición de motivos

Dende finais do mes de decembro do pasado ano, a provincia de Lugo, ao igual que outras, vén sufrindo unha sucesión continuada de temporais caracterizados por fortes choivas, ventos intensos e episodios de inestabilidade meteorolóxica que tiveron un impacto significativo no territorio. Estes fenómenos adversos provocaron danos relevantes nas infraestruturas municipais, especialmente nas vías locais e camiños rurais, que constitúen un elemento esencial para a mobilidade da veciñanza, o acceso ás explotacións agrogandeiras, aos servizos básicos e á actividade económica no conxunto do territorio.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	13/25	

Os concellos da provincia, en moitos casos con limitados recursos económicos e técnicos, enfróntanse a importantes dificultades para asumir en solitario os custos derivados da reparación dos danos ocasionados pola meteoroloxía. A conservación e mantemento das vías municipais resulta fundamental para garantir a seguridade viaria, evitar o illamento de núcleos rurais e asegurar a prestación de servizos públicos esenciais.

Neste contexto, cómpre sinalar que a contía que destinará cada concello a través do “Programa de Investimentos”, no marco do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 ao arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais e doutras infraestruturas, resulta claramente insuficiente, na maioría dos casos, para poder levar a cabo as obras de emerxencia necesarias que deben acometer para restaurar a seguridade e funcionalidade destas infraestruturas, especialmente ante unha situación extraordinaria como a derivada da sucesión de temporais sufridos na provincia.

A Deputación de Lugo, no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia económica e técnica aos concellos, debe desempeñar un papel activo ante situacións excepcionais como a presente, articulando mecanismos de apoio extraordinario que permitan dar unha resposta áxil, eficaz e equitativa ás necesidades dos municipios afectados.

De feito, cómpre lembrar que , son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, tal e como establece o artigo 31.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada norma sinala expresamente: “(...) b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial (...)”.

E que, así mesmo, a lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación, tal e como se desprende do contido do artigo 30 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril), ao sinalar que:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) as subvencións ou axudas de calquera procedencia (...).

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	14/25	



2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos aos que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...)."

Resulta, polo tanto, necesario que a institución provincial impulse e aprobe un Plan Provincial Extraordinario de Emerxencia específico que contemple a disposición de achegas económicas directas para todos os concellos, distribuídas en base a criterios obxectivos, públicos e transparentes, - tales como o grao de afectación das infraestruturas, a extensión da rede viaria municipal, a dispersión territorial e a capacidade financeira de cada entidade local — co fin de garantir unha distribución xusta e proporcional dos recursos públicos.

Un Plan que, ademais, debe de establecer un procedemento áxil e simplificado para a solicitude e xustificación das axudas, co obxectivo de garantir a rápida execución das actuacións necesarias.

Esta medida contribuiría a reforzar a cooperación interadministrativa, apoiar especialmente aos concellos con menor capacidade económica e dar unha resposta coordinada ante unha situación extraordinaria que afecta de maneira xeralizada á provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo

O Pleno da Corporación Provincial acorda:

- Instar ao equipo Goberno da Deputación Provincial de Lugo a crear un Plan Provincial Extraordinario de Emerxencia e Cooperación cos Concellos para a recuperación de infraestruturas municipais afectadas polos recentes temporais, dotado orzamentariamente cunha partida de polo menos 5 millóns de euros, que inclúa unha liña de axudas directas e urxentes para a reparación de infraestruturas danadas, a habilitación dun procedemento administrativo simplificado que garanta a axilidade na súa tramitación e a prestación de asistencia técnica provincial aos 67 concellos para a avaliación de danos e execución das actuacións necesarias.

- Dar traslado do presente acordo aos concellos da provincia, para o seu coñecemento e efectos oportunos".

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	15/25	

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=8

9º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA REXEITAR A DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL DE PRESENTAR RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE PARA PARALIZAR O PLAN DE AXILIZACIÓN DA DEPENDENCIA E DA DISCAPACIDADE DA XUNTA DE GALICIA

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para rexeitar a decisión do Goberno central de presentar recurso de inconstitucionalidade para paralizar o Plan de axilización da dependencia e da discapacidade da Xunta de Galicia.

Exposición de motivos

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso presentado polo Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, co aval do seu Consello de Ministros, contra determinados preceptos da Lei galega 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	16/25





A decisión do órgano constitucional, que aínda non implica un pronunciamento sobre o fondo do litixio, si trae consigo o bloqueo da norma autonómica na súa vixencia e aplicación desde a data de interposición do recurso: o 30 de setembro de 2025.

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia e freando os avances legislativos incluídos na Lei galega, entre outros, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia.

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles con medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, o recurso busca impugnar o plan de axilización da dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas, un veto do Goberno do Estado a unha iniciativa da Xunta de Galicia que logrou que se lles recoñecese automaticamente o grao de discapacidade a quen ten recoñecido un grao de dependencia, sen ter que facer papelame.

O Plan de Choque da Xunta de Galicia permitiu que máis de 12.600 persoas vexan recoñecido o seu grao de discapacidade e dependencia de forma automática e simplificada desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2025.

Este acto do Executivo Central, ignora a urxencia dos galegos dependentes e actúa como un "pau nas rodas" da autonomía galega.

É cando menos incomprensible que, mentres o Estado mantén unha débeda acumulada con Galicia de 2.900 millóns de euros en materia de dependencia — incumprindo o financiamento ao 50% que marca a lei—, dedique os seus esforzos a bloquear solucións que xa estaban a funcionar.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo

O Pleno da Corporación Provincial acorda:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; recurso que bloquea ás políticas sociais e de dependencia de Galicia.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE		Página	

2. Rexeitar a decisión do Goberno central que paraliza o Plan de Choque de Dependencia da Xunta, o que supón un ataque directo aos dereitos dos máis de 12.600 galegos que se benefician da axilización administrativa.

3. Esixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.

4. Reclamar ao Goberno de España que cumpra as súas obrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e cofinanciando o 50% establecido na normativa vixente.

5. Reclamar que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=9

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	18/25	



Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1 ao 313 e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=10

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE ADSCRICIÓN VOGAL INTEGRANTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.

Dáse conta da Resolución de Presidencia relativa á adscripción de vogal integrante da Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda e Especial de Contas.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=11

12.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2026, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN 2025 DO CONCELLO DE SAMOS, DO QUE SE ADXUNTA CERTIFICACIÓN DO AMENTADO ACORDO, SEN AFECTAR Á ACHEGA TOTAL QUE EFECTÚA A DEPUTACIÓN.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de data trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis, relativa á modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025 do Concello de Samos.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=12

13.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2026, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN 2025 DO CONCELLO DE

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	19/25	

ABADÍN, DO QUE SE ADXUNTA CERTIFICACIÓN DO AMENTADO ACORDO, SEN AFECTAR Á ACHEGA TOTAL QUE EFECTÚA A DEPUTACIÓN..

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de data trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis, relativa á modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025 do Concello de Abadín.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=13

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2025 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta do informe dos meses de outubro, novembro e decembro de 2025 relativo ao cumprimento de prazos do real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial De Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=14

15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUARTO TRIMESTRE DE 2025 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse conta do informe do cuarto trimestre de 2025 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=15

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	20/25	



https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=18

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, preséntase por parte do Grupo Provincial Socialista e do Bloque Nacionalista Galego a seguinte moción, cuxa urxencia foi votada e aceptada por unanimidade de todos os grupos políticos na presente sesión plenaria:

MOCIÓN DE URXENCIA DO PARTIDO SOCIALISTA E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN DEFENSA DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS (GES) E POLA GARANTÍA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EMERXENCIAS NA PROVINCIA DE LUGO

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista e do Bloque Nacionalista Galego a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Lugo e Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción:

Exposición de motivos

Actualmente a provincia de Lugo conta con cinco Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso e Monterroso, que continúan prestando servizo.

Nos últimos anos, a rede de GES na provincia sufriu cambios e dificultades, con distintos casos nos que algúns grupos deixaron de funcionar por diferentes motivos organizativos e de xestión, evidenciando as limitacións do modelo actual.

Os GES forman parte do sistema de atención ás emerxencias, especialmente en territorios rurais e con alta dispersión poboacional como os da nosa provincia.

Os seus profesionais desenvolven unha labor esencial no apoio e intervención ante incidencias e emerxencias no territorio, en coordinación co resto de servizos.

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	21/25	

O caso máis grave na actualidade é o do GES de Cervo, que se atopa actualmente pechado. Trátase dunha situación singular que debe ser abordada de maneira inmediata, ao tratarse dun servizo que pode ser recuperado, tendo en conta que os seus efectivos continúan vinculados ao concello, polo que resulta necesario analizar as condicións para a súa reapertura e reforzar a capacidade de resposta ante emerxencias na comarca da Mariña.

Proposta de acordos

Primeiro. Instar á Xunta de Galicia, ás Deputacións Provinciais e á FEGAMP a convocar con carácter urxente a Comisión de Seguimento do convenio dos GES, co fin de avaliar o funcionamento actual do servizo.

Segundo. Solicitar que, no marco desta Comisión, se aborde de maneira específica o peche do GES de Cervo, definindo as medidas necesarias para proceder á súa reapertura e garantir a cobertura efectiva da comarca da Mariña.

Terceiro. Instar ás administracións asinantes a adoptar as medidas necesarias para garantir un servizo de emerxencias eficaz, coordinado e adaptado ás necesidades reais do territorio.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=16

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación mantemento na estrada LU-P-6103, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	22/25	



O estado da rede viaria provincial non é só unha preocupación do Grupo Provincial Popular, senón que xera malestar entre veciños e veciñas da provincia debido ás súas deficiencias; xa sexa no firme, na sinalización ou no acondicionamento das súas marxes.

Un exemplo é a vía LU-P-6103, que conecta os municipios mariñáns de Barreiros e Trabada e sobre a que xa temos advertido ante o Pleno da institución provincial.

Esta estrada rexistra un importante volume de tráfico por ser a principal vía de conexión do municipio de Trabada co hospital da Mariña, ademais de rexistrar unha elevada circulación de vehículos pesados que ofrecen servizos a explotacións gandeiras e iniciativas empresariais da zona.

O firme desta vía provincial atópase desgastado en moitos puntos e presenta numerosas fochancas. A falta de mantemento evidénciase tamén nas deficiencias na sinalización, tanto horizontal como vertical, que precisa ser renovada e nas cunetas sen limpar que, en pleno inverno, impiden o paso da auga e provocan desbordamentos sobre a calzada.

O seu mantemento en bo estado é fundamental para garantir a seguridade viaria tendo en conta que en moitas ocasións, polas inclemencias meteorolóxicas como a néboa, a visibilidade é moi reducida.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa de forma urxente as necesarias actuacións de mantemento na estrada LU-P-6103 e no resto da rede viaria provincial para garantir a seguridade dos veciños e veciñas da provincia de Lugo.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó mantemento das marxes das vías provinciais, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Xa advertiamos o mes pasado da falta de mantemento e de poda das árbores das marxes das vías provinciais. Son moitos os puntos nos que as pólas invaden o espazo sobre a calzada dificultando a visibilidade e supoñendo riscos para os usuarios e usuarias.

Esta circunstancia é moi frecuente nas vías que son titularidade da Deputación de Lugo no termo municipal de Muras; pero xera especial preocupación a situación a pé

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	23/25	

do colexio público, o CEIP Antía Cal, na zona da parada do bus escolar na estrada provincial LU-P-3401, onde as pólas das árbores xeran un serio risco para a comunidade educativa; especialmente tras os últimos temporais de vento e choiva.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa debidamente os traballos de mantemento e poda das árbores das marxes de tódalas vías provinciais e actúe de forma urxente nas inmediacións do CEIP Antía Cal de Muras na marxe da LU-P-3401.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á reconstrucción da ponte caída na estrada provincial LU-P-3501, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O pasado martes 27 de xaneiro caía a ponte de Aceña sobre o río Navia que forma parte da estrada provincial LU-P-3501 ao seu paso polo municipio de Navia de Suarna.

Se ben os efectos dos temporais non se poden controlar, o que se si poden e deben facer as distintas administracións son as necesarias tarefas de revisión e mantemento das infraestruturas da súa titularidade.

Como levamos tempo advertindo, o goberno provincial de PSOE e BNG desatende estes labores que son fundamentais para garantir a seguridade dos usuarios e usuarios e previr situacións coma a caída desta ponte que, afortunadamente, se producía nun momento no que non causou outros danos.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que prazos ten previsto o goberno provincial para iniciar a reconstrucción e a posta en servizo da ponte que caeu o pasado martes 27 de xaneiro na estrada provincial LU-P-3501 ao seu paso polo termo municipal de Navia de Suarna?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á infraestrutura provincial da escola de piragüismo, do seguinte teor:

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	24/25





“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

As instalacións da escola de piragüismo presentan deficiencias na cuberta, caleiros atascados e cheos de vexetación en crecemento que provocan goteiras, humidades e danos por filtracións no interior desta infraestrutura de titularidade provincial.

Esta situación agrávase coas fugas nas tubaxes de abastecemento de auga e desaugues que sofre o inmovible da Deputación de Lugo froito de anos de abandono por parte do equipo de goberno que ten renunciado a levar a cabo as necesarias actuacións de mantemento.

O resultado é un estado deplorable como se aprecia tamén no exterior coa carpintería totalmente desfeita.

A escola de piragüismo precisa, polo tanto, investimentos e actuacións urxentes por parte do titular das instalacións. A pesar de que o goberno provincial aprobou, en teoría, unha partida nos orzamentos da institución para as últimas anualidades, a realidade é que non se executou ningunha mellora.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno provincial aprobar e executar obras e actuacións de reparación, mantemento, e modernización na infraestrutura provincial da escola de piragüismo?”

https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241106000000_FH.mp4&topic=17

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FVF475JN4VYNAAZTAE	Página	25/25	